Pórtico do Paraíso

XII Festival Internacional de Música de Ourense

TRADUCIÓN
Beatriz Varandas
Conchi da Silva

CORRECCIÓN TEXTOS
Beatriz Varandas

TEXTOS SALAS
Antonia García

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Miguel Chaler Publicidad

IMPRESIÓN
Imprenta da Deputación Provincial

DEPÓSITO LEGAL
OU ??-2019

Pórtico do Paraíso

XII Festival Internacional de Música de Ourense

do 15 ao 24 de marzo de 2019

Jesús Vázquez • Alcalde de Ourense

Afeitos como estamos en Ourense á música de calidade, resulta difícil superar certos listóns. Porén, temos a sorte de contar un ano máis -e xa van doce- co Festival Internacional de Música Pórtico do Paraíso. Un tránsito cara á primavera cunha fórmula que nos convoca no contraste de espazos que zumegan arte e historia cos referentes do panorama vocal internacional.

Do 15 ao 24 de marzo, sete concertos noutros tantos enclaves da xeografía ourensá. E para comezar a programación, de entre todos eles o meu favorito: a Catedral, templo románico tardío ao redor do que latexa a nosa cidade desde o século XIII, e que agocha marabillas artísticas como o propio Pórtico do Paraíso. Será o grupo vocal italiano **Odhecaton**, baixo a dirección de Paolo Da Col, o encargado de regalarnos momentos inesquecibles, e que sen dúbida merecen ser gozados nese marco incomparable de pedra e historia.

Na nómina de grupos deste XII Pórtico do Paraíso tamén están os suízos **La Lyra e Pino De Vittorio** ou o dúo galego de percusión **Mbira-Duo**, que farán vibrar as paredes da igrexa de Santa María Nai, ou o quinteto inglés **Apollo5**, que fará o propio nesa marabilla arquitectónica que é a igrexa de Santiago das Caldas. Propostas de excelente nivel musical ás que debemos engadir o cuarteto de clarinetes **Vienna Clarinet Connection**, que pechará o ciclo no Teatro Principal.

Non quero esquecer a maxia de descubrir outros lugares da nosa provincia, como o Mosteiro de San Clodio, en Leiro, ou a igrexa de Santa Mariña de Augas Santas, en Allariz, que parece que foron ideados tantos anos atrás á espera de experiencias coma esta.

A fórmula, insisto, semella insuperable. Se cadra só ata que chegue a décimo terceira edición. Pero iso xa será... para o ano que vén.

Manuel Baltar • Presidente da Deputación de Ourense

O día 15 de marzo bota a andar unha nova edición do Festival Internacional de Música de Ourense Pórtico do Paraíso, un festival que fai este ano a súa décimo segunda edición e, polo tanto, podemos consideralo plenamente consolidado no noso calendario cultural, ao mesmo tempo que vén demostrando, ano tras ano, o acerto na súa programación, ao acadar altas cotas de valoración entre os seus moitos seguidores.

Grazas ao destacado nivel dos diferentes concertos que se programaron, Ourense converterase, entre os días 15 e 24 de marzo, nunha referencia cultural no territorio galego, xa que o carácter internacional deste festival propicia que ata aquí cheguen agrupacións que veñen dende Italia, Suíza, Austria ou Reino Unido, ademais da representación española e galega tamén presentes nesta edición de 2019.

A incorporación da Deputación de Ourense como coorganizador deste festival propicia que este se abra ao resto da provincia, polo que se poderá gozar desta actividade en dous dos seus lugares emblemáticos, como son as igrexas do mosteiro de San Clodio, en Leiro, e a de Santa Mariña de Augas Santas, en Allariz. Estes dous lugares, debido ao seu alto valor patrimonial, achéganlle un atractivo singular ao propio festival.

Para a Deputación de Ourense, é unha aposta decidida e unha cuestión estratéxica impulsar a oferta cultural en todo o noso territorio, propiciando oportunidades de goce desta a toda a veciñanza espallada ao longo de toda a provincia; por iso, actividades como a do Festival Pórtico do Paraíso cumpren sobradamente con este compromiso.

Só me queda pedirlles aos amantes da música culta que gocen do que, con tanta profesionalidade, se programou para esta edición do Festival Internacional de Música de Ourense, agradecendo a implicación do Concello de Ourense, da Xunta de Galicia a través da AGADIC e da Asociación Pórtico Musical que, como colaboradores, se merecen a miña felicitación.

Belén Iglesias Cortés • Concelleira de Cultura

Estimado amigo,
Estimada amiga,

No mes en que comeza a primavera, o ciclo cultural da cidade acolle un dos máis importantes encontros de música culta que hai na nosa contorna xeográfica. Aflora así, o Festival Internacional de Música Pórtico do Paraíso.

Trátase xa da XII edición, que acadamos neste 2019, e que segue a situar a Ourense na exclusiva axenda de cidades amantes da música. Tal é así que desde o concello contamos con programacións estables durante todo o ano, propoñendo unha oferta de alta calidade nacional e internacional.

O Pórtico do Paraíso conta, ademais, co valor engadido dos espazos onde se desenvolven os concertos. Lugares como a Catedral ou a igrexa de Santa María Nai, na cidade vella de Ourense, o mosteiro de San Clodio, no corazón do Ribeiro, ou a igrexa de Santa Mariña de Augas Santas, na fermosa vila de Allariz. Toda unha aposta polo noso patrimonio que é un goce para os sentidos.

Espero que gocen deste festival, que tamén é unha forma de gozarmos un Ourense en que a cultura é protagonista.

Moitas grazas.

Juan Enrique Miguéns • Director artístico do Festival Pórtico do Paraíso

Tras a axitada edición anterior, tanto na parte da produción como na artística, impúñase unha volta á esencia do Festival. A escolla dun grupo vocal da sona de **Odhecaton** cun programa con tal evidente contraste entre música sacra contemporánea e a do renacentista tardío Carlo Gesualdo, representa de maneira fidedigna esa arela. Por outra parte, e complementando isto, non estaba de máis reafirmar o noso carácter ecléctico, en que, a pesar de certa querenza polo repertorio antigo, todos os períodos musicais e todo tipo de formacións vocais e/ou instrumentais son benvidas.

Os programas dos sorprendentes percusionistas de **Mbira-duo**, do fantástico grupo vocal **Apollo5** ou dos espectaculares **Vienna Clarinet Connection** subliñan precisamente esa liña. Bach, nun programa de música do século XXI, no primeiro caso; os Beatles e Paul Simon, noutro, en que aparece o Renacemento e o Barroco no segundo; ou temas da tradición oriental e bandas sonoras de películas de James Bond xunto a Schubert no terceiro, dan unha idea certa do que falamos.

E, alén disto, a música antiga amósase con rotundidade tanto na cidade con **La Lyra** e o renomeado e carismático tenor **Pino De Vittorio** coa colorida proposta dedicada ao renacentista Giacomo Gorzanis, coma na provincia, cos experimentados **Músicos de Urueña** e a súa orixinal mostra de músicas de tres culturas dedicadas ao viño. Que mellor lugar para este concerto que a igrexa do mosteiro de San Clodio, en pleno Ribeiro. Por último, as respectadísimas **La Reverdie** tráennos, á igrexa de Santa Mariña de Augas Santas, un programa que amosa a figura feminina no sentimento relixioso da Idade Media. Ambas as igrexas se incorporan como novidade este ano.

Un Festival con máis música contemporánea da habitual, con pinceladas de étnica, pop, musicais…e, como é norma, con intérpretes dunha categoría internacional fóra de toda dúbida. Para gozarmos!

XII FESTIVAL
INTERNACIONAL
DE MÚSICA
DE OURENSE

PROGRAMACIÓN

PÓRTICO DO PARAÍSO

CONCERTO INAUGURAL

ODHECATON

Grupo vocal (Italia)
Venres, 15 de marzo, 21:00 h
Catedral de Ourense][Entrada libre

SEGUNDO CONCERTO

LOS MÚSICOS DE URUEÑA

Grupo instrumental (España)
Sábado, 16 de marzo, 19:30 h
Igrexa de Santa María de San Clodio, Leiro][Entrada libre

TERCEIRO CONCERTO

LA LYRA e PINO DE VITTORIO

Grupo vocal e instrumental (Suíza-Italia)
Domingo, 17 de marzo, 20:30 h
Igrexa de Santa María Nai][Entrada libre

CUARTO CONCERTO

MBIRA-DUO

Dúo de percusión (Galicia)
Mércores, 20 de marzo, 20:30 h
Igrexa de Santa María Nai][Entrada libre

QUINTO CONCERTO

APOLLO5

Quinteto vocal (Reino Unido)
Venres, 22 de marzo, 20:30 h
Igrexa de Santiago das Caldas][Entrada libre

SEXTO CONCERTO

LAREVERDIE

Grupo vocal e instrumental (Italia)
Sábado, 23 de marzo, 19:30 h
Igrexa de Santa Mariña de Augas Santas, Allariz
Entrada libre

SÉTIMO CONCERTO

VIENNA CLARINET CONNECTION

Cuarteto de clarinetes (Austria)
Domingo, 24 de marzo, 19:00 h
Teatro Principal][Entrada de pagamento

ODHECATON

Grupo vocal (Italia)
Venres, 15 de marzo, 21:00 h
Catedral de Ourense
Entrada libre

Contratenores
Guy JAMES
Andrea ARRIVABENE
Gian Luigi GHIRINGHELLI

Tenores
Alberto ALLEGREZZA
Gian Luca FERRARINI
Vincenzo DI DONATO

Baixos
Davide BENETTI
Giovanni DAGNINO

Director
Paolo DA COL

ODHECATON

Odhecaton debe o seu nome ao primeiro libro de polifonía impreso en 1501 por Ottaviano Petrucci en Venecia, *Harmonice Musices Odhecaton*. A palabra deriva do grego *odè* (‘canción’) e *ècaton* (‘cen’), pois o libro era unha recompilación de 100 cancións.

Dirixido por Paolo Da Col desde a súa fundación en 1998, o grupo vocal masculino Odhecaton reúne algunhas das mellores voces de Italia e converteuse en todo un referente na música vocal e na interpretación do repertorio do Renacemento e do Barroco, sobre todo do repertorio de compositores como Jacob Obrecht, Josquin Desprez e Loyset Compère. Nos programas máis recentes incluíronse tamén obras de varios compositores contemporáneos.

As súas gravacións foron recoñecidas con distintos galardóns, como o Diapasón d’Or, o Choc de la musique, o Disco del mese, o CD of the year, concedidos por distintas publicacións internacionais como *Le Monde de la Musique, Amadeus, CD Classics* e *Goldberg*. En varias destas gravacións, recolléronse obras de Roland de Lassus, Gombert, Palestrina, Josquin Desprez, Peñalosa ou Compère, pero tamén axudaron a recuperar parte do repertorio español e portugués do século XVII.

Os seus CD, premios e nivel de especialización leváronos a participar nos grandes festivais europeos e a colaborar con algúns dos mellores músicos e grupos instrumentais como Concerto Palatino, Gabriele Cassone, Liuwe Tamminga, Paolo Pandolfo, Jakob Lindberg ou Andrea De Carlo co Ensemble Mare Nostrum.

PROGRAMA

(60 min)

Benedicamus Domino, Organum und Psalm 117 (1992)
Krzysztof Penderecki
(*1933)

Latin prayers (1970): Pater noster, Ave Maria
Giacinto Scelsi
(1905 - 1988)

Responsorio delle tenebre a sei voci (2001)
Salvatore Sciarrino
(*1947)

Tenebrae Responsoria Sabbati Sancti
Gesualdo da Venosa (c. 1566 - 1613)

Sicut ovis ad occisionem
Jerusalem, surge
Plange quasi virgo
Recessit pastor noster
O vos omnes
Ecce quomodo moritur Justus
Astiterunt reges
Aestimatus sum
Sepulto Domino
(*Responsoria […] ad officium Hebdomadae* Sanctae, Nápoles 1611)

Da pacem Domine (2004)
Arvo Pärt (*1935)

Catedral de San Martiño

Aínda que hai discrepancias sobre a data de inicio das obras de construción, é seguro que o altar maior foi consagrado no 1188, como consta no documento que, xunto coas reliquias de San Martiño, traídas desde Tours, foi gardado nunha das cinco columnas que lle servía de soporte. Parecen suscitar menos polémica as datas do seu remate (1218-48). Malia que ten base románica, a catedral medra coa historia e ao ritmo da cidade que a alberga, e chega a ter ata catro consagracións, a última en 1966.

Hai tres espazos que non deben pasar inadvertidos para o visitante: a capela do Santo Cristo, construída entre os séculos XVI e XVIII, na que destaca o baldaquino que acolle a figura do Crucifixo. É esta unha imaxe gótica que, segundo a tradición, é unha das copias que Nicodemo fixo de Xesús morto cando o baixou da cruz. A capela é coma un xoieiro, recuberta de madeira policromada con ornamentación vexetal, columnas salomónicas e relevos da Paixón.

O Pórtico do Paraíso merece tamén especial atención por ser unha das obras máis fermosas da catedral. Da primeira metade do século XIII, foi comparado, con desvantaxe para el, co de Compostela. Para algúns ten valores propios de idealización e serenidade na tradición gótica de obras francesas e burgalesas. É a transcrición en pedra do bíblico Xuízo Final, explicado dun xeito moi minucioso.

O retablo do altar maior é do século XVI, de Cornielis de Holanda, decorado con escenas da vida de Xesús, a Virxe e San Martiño. Destacan as 36 figuras de pequena talla colocadas entre as columnas. Están pintadas de branco e representan santos e personaxes do *Antigo Testamento* ataviados e cubertos seguindo a moda flamenga do 1500.

LOS MÚSICOS DE URUEÑA

Grupo instrumental **(España)**
Sábado, 16 de marzo, 19:30 h
Igrexa de Santa María de San Clodio, Leiro
Entrada libre

Viola e canto
César Carazo

Zanfona, laúde, pandeiros e darbuka
Luis Delgado

Axabeba, cornamusa e chalumeau
Jaime Muñoz

LOS MÚSICOS DE URUEÑA

Con máis de catro décadas de traballo en diversas formacións e cunha profunda experiencia no campo da música medieval e tradicional, César Carazo e Luis Delgado fundan en 1998 Los Músicos de Urueña, grupo que pertence aos máis veteranos no panorama da música medieval de España. Desde os inicios, o seu propósito foi levar adiante un traballo creativo, pero rigoroso, sobre os repertorios medievais da Península Ibérica. Para iso, conta coa proximidade cultural e xeográfica do Magreb e da Occitania medieval. O grupo presenta diferentes programas realizados con instrumentos orixinais correspondentes a cada época, prestando unha especial atención á tímbrica e á interpretación.

O nome de Urueña cóllese da vila murada vallisoletana que é sede do Museo de Instrumentos del Mundo, onde expoñen ao público parte dos fondos da colección de instrumentos de Luis Delgado. Esta colección reúne máis de 1.500 pezas.

As transcricións que se utilizan parten do traballo dos musicólogos especializados no tema: Higinio Anglés, Arcadio Larrea Palacín, Ismael Fernández de la Cuesta, Luis Lozano Virumbrales e Julián Ribera Tarrago, entre outros. As formacións do grupo adáptanse aos programas e propósitos de cada concerto.

EL VINO EN LAS TRES CULTURAS

O tema do viño aparece como elemento común na lírica das tres culturas, tanto nas cortes cristiás medievais, como nas cancións dos trobadores, na poesía de Al-Ándalus ou nos romances sefardís.Los Músicos de Urueña escolleron unha ducia de cancións que nos aproximan ao concepto que desenvolveron ao redor do viño en cada unha das tres culturas. Achegámonos ao significado sagrado que ten no cristianismo, que contrasta co carácter metafórico e místico que lle dá o mundo islámico e co sentido hedonista que lle outorga o mundo sefardí.

PROGRAMA

El vino en las tres culturas (70 min)

Milagro del demonio en la bodega
Cantigas de Santa María
Afonso X *o Sabio* (s. XIII)

Xalom Alekhem señores
Antología de liturgia judeo-española
Isaac Levy (1919 – 1977)

Los guisados de la merenjena
Tradicional sefardí

El veneno de Moriana
Tradicional sefardí

Vinum bonum et suave
Carmina Burana (s. XII)
Transcrición: Luis Lozano Virumbrales

Milagro del vino en Bretaña
Cantigas de Santa María
Afonso X *o Sabio* (s. XIII)

Turid Yar Fuqayyar
Tradicional andalusí

Ges de Disnar
Bertrand de Born (s. XII)

Mi vino tan querido
Chants judeo-espagnols
Isaac Levy

Tzid Wa Sqini
Tradicional andalusí

La vida do por el rakí
Chants judeo-espagnols

Santa María de San Clodio de Leiro

Foi no século VI cando a lenda di que monxes de san Clodio de León, fuxidos das persecucións arianas, fundaron o mosteiro nestas terras. As primeiras probas da súa existencia son de 928, data do documento polo que se establece unha comunidade mixta con carácter familiar neste lugar.

A incorporación á orde beneditina cara ao ano 1158 e, máis tarde, á observancia cisterciense dan paso ao seu período de maior esplendor nos séculos XV e XVI, cunha comunidade próspera dedicada ao cultivo dos viñedos e á explotación agrícola. Despois da desamortización no 1836, san Clodio pasa a empregarse, durante anos, para diversos usos militares e municipais. A finais do século XIX, volverá ser habitado polos bieitos, pero despois de case cen anos, e ameazando ruína, de novo é desocupado.

O mosteiro tiña na Idade Media un claustro que foi desmontado para levantar os actuais Procesional e da Portería, dos séculos XV e XVI. As amplas estruturas son de planta cadrada e comunícanse coa igrexa por medio dunha escaleira cuberta con bóveda de cruzaría estrelada.

No lugar onde existiu unha primitiva edificación prerrománica, érguese a igrexa, único vestixio medieval que se conserva. Posiblemente construída a finais do século XII, é de planta basilical de tres naves e tres ábsidas. De estilo tardorrománico, apréciase a transición ao Gótico na amplitude da capela maior, nos arcos apuntados das naves e na importancia dos rosetóns. A estrutura apenas se modificou e os cambios foron meramente estéticos. De carácter funcional, foron a substitución da antiga cuberta de madeira pola actual e a construción do coro alto de gusto barroco.

A decoración mural da ábsida central, que permanecía oculta tras o retablo maior, foi descuberta e restaurada hai apenas cinco anos. As pinturas son de temática relixiosa con escenas da Crucifixión, o martirio de san Sebastián e o Xuízo Final. Está datada nos séculos XVI e XVII.

O mosteiro foi declarado Monumento Histórico Artístico Nacional en 1931. Cando nos anos noventa do século XX a Xunta de Galicia e unha cadea hoteleira acometen o proxecto de restauración, o deterioro do conxunto parecía inexorable. Despois dunha acertada recuperación, o primeiro hotel-monumento galego abre as portas no ano 2000.

LA LYRA e PINO DE VITTORIO

Grupo vocal e instrumental **(Suíza-Italia)**

Domingo, 17 de marzo, 20:30 h
Igrexa de Santa María Nai • Entrada libre

Voz, castañolas
Pino De Vittorio

Laúde, colascione
Fabio Accurso

Percusión
Massimiliano Dragoni

Laúde, guitarra renacentista, dirección artística
Bor Zuljan

LA LYRA E PINO DE VITTORIO

LA LYRA é un grupo concibido e liderado polo especialista en corda pulsada esloveno Bor Zuljan. Centrado fundamentalmente no período renacentista, os seus programas teñen un enfoque creativo e buscan obras orixinais, e rara vez escoitadas, para o que realizan un minucioso traballo de investigación. O grupo, que colabora con frecuencia con grandes solistas, entre os que se encontra o tenor e actor Pino De Vittorio, participou en varios dos grandes festivais europeos. Como consecuencia desta colaboración con De Vittorio, en 2018 editaron o CD *Gorzanis - La barca del mio amore*, na casa discográfica Outhere Music, que tivo unha grande acollida entre a crítica especializada.

O actor e cantante **Pino De Vittorio** (Tarento) ten unha longa e frutífera carreira no campo musical, especialmente no ámbito da música barroca e na tradición musical de La Puglia. Comezou a súa carreira como artista popular coa compañía músico-teatral Pupi e Fresedde, que fundou en 1976 xunto a Angelo Savelli. Máis tarde, ingresou na compañía Nuova Compagnia di Canti Popolari, do musicólogo e escritor italiano Roberto de Simone, en que interpretou papeis protagonistas dos seus títulos máis importantes en xiras por toda Europa e América do Sur.

En 1984 presentou, no Teatro di San Carlo de Nápoles, *Crispino e la comare* (dos irmáns Ricci), *Stabat Mater* e *Réquiem* (ambas as dúas de Roberto de Simone), en memoria de Pier Paolo Passolini. Dentro do Maggio Musicale Fiorentino interveu nunha adaptación moderna de *L'Orfeo* de Monteverdi realizada por Luciano Berio. Pino De Vittorio é un dos piares de I Turchini, formación vocal e instrumental coa que, xunto con Antonio Florio, profundizou no repertorio renacentista e barroco napolitano e realizou numerosas xiras por Italia, Francia, Bélxica, España, Holanda, Austria, Alemaña, EE.UU, Xapón e México. Tamén é solista nos grupos Media Aetas, Fuggilotio e Ensemble Accordone.Publicou numerosos discos con I Turchini e, en solitario, gravou dous en que enxalza a música de La Puglia, *Le Tarantelle del Gargano* e *Tarantelle del Rimorso*.

PROGRAMA

La barca del mio amore (60 min)

Música de Giacomo Gorzanis (c. 1525 – c. 1575)

Da che si part'il sol *Il primo libro di napolitane* (1570)
Recercar secondo *Terzo libro de intabolatura di liuto* (1564)
Duca vi voglio dir *Il primo libro di napolitane* (1570)
Basciami con ssa bocca *Il secondo libro delle napolitane* (1571)

Questi capelli d'or *Il primo libro di napolitane* (1570)
Fantasia Terza *Opera nova de lauto... libro quarto* (1579)
Chiara più che 'l chiar sol *Il primo libro di napolitane* (1570)
Il bel vis'e i begl'occhi *Il secondo libro delle napolitane* (1571)

Passo e mezzo antico primo
Padoana del detto
Saltarel del detto *Secondo/terzo libro de intabolatura di liuto* (1562/1564)

Alma perchè t'affliggi
Sta vecchia canaruta *Il primo libro di napolitane* (1570)

Passo e mezzo detto il Gorzanis
Saltarel del detto *Il secondo libro de intabolatura di liuto* (1562)
Non è amor *Il secondo libro delle napolitane* (1571)

La barca del mio amore *Il secondo libro de intabolatura di liuto* (1562)
Scarpello si vedrà *Il secondo libro delle napolitane* (1571)
Saltarello detto il Sona Baloni *Intabolatura di liuto, libro primo* (1561)
L'altro giorno mi disse *Il secondo libro delle napolitane* (1571)

Santa María Nai

No lugar no que agora se ergue esta igrexa do século XVIII, existiu, segundo se di, un templo construído polos suevos convertidos ao cristianismo despois de que San Martiño de Tours obrase o milagre de curar o fillo do rei Carriarico, que, ao parecer, tivo corte en Ourense. O primitivo edificio, que era por entón a catedral da cidade, foi arrasado nas sucesivas incursións normandas e árabes e reconstruíuse no ano 1084, como reza na inscrición que se conservou na porta norte. Cando se fixo a nova catedral no século XII, a igrexa quedou reducida a capela funeraria e en 1722 foi derrubada porque ameazaba ruína.

O templo actual benefíciase da perspectiva que lle dá a escalinata que sae da praza Maior. Acaroado polo sur ao antigo pazo episcopal e polo norte á bela praciña da Madalena, álzase coa súa planta dunha soa nave e transepto, sobre o que se ergue unha cúpula. A fachada barroca de tres corpos acolle catro dobres columnas que se cre pertenceron á antiga edificación sueva.

A titular da igrexa é Santa María que ten unha representación no centro do retablo do altar maior. A imaxe sedente de factura barroca retrátaa como unha señora ricamente adornada co Neno no colo. O día de Pascua é levada en procesión ata a capela do Santo Cristo da catedral.

MBIRA-DUO

Dúo de percusión (Galicia)
Mércores, 20 de marzo, 20:30 h
Igrexa de Santa María Nai][Entrada libre

MBIRA-DUO

Irene Rodríguez e Noè Rodrigo compoñen Mbira-duo, un dúo que naceu no ano 2014. Os seus integrantes, de Ribadeo (Lugo) e Altea (Alacant), coñecéronse no Conservatorio Superior de Música de Aragón (CSMA), onde iniciaron este proxecto. Despois da graduación en 2014, continuaron os estudos no Conservatorium van Amsterdam, onde realizaron un máster de dous anos tanto en percusión solista e orquestral coma en dúo de percusión.

Colaboran regularmente con orquestras e *ensembles* de primeiro nivel, como a Royal Concertgebouw Orchestra de Ámsterdam, Orquesta Sinfónica de Galicia, Frankfurt Radio Symphony Orchestra en Alemaña, Nederlands Philharmonic Orkest, Royal Flemish Philharmonic en Bélxica, Orchestra do Teatro Massimo de Palermo en Italia, Bilbao Orkestra Sinfonikoa, Orquesta Ciudad de Granada, AskoISchönberg ensemble, Nieuw Amsterdams Peil, New European Ensemble, Slagwerkgroep Den Haag e Lucerne Festival. Formaron parte tamén das mellores orquestras novas, nacionais e internacionais, como a Joven Orquesta Nacional de España (JONDE), Euskal Herriko Gazte Orkestra (EGO), Jove Orquestra Nacional de Catalunya (JONC), Orquestra Xove da Sinfónica de Galicia (OJSG), European Union Youth Orchestra (EUYO), Lucerne Festival Academy Orchestra, Gustav Mahler Jugend Orchester (GMJO), Nederlands Jugend Orkest (NJO) e Symphony Orchestra Academy of the Pacific en Canadá (SOAP).

Como dúo, participaron no ciclo Música al So de l'aigua en Altea (Alacant), así como no proxecto Combatir el fracaso escolar con la música (Iniciativa do IES Altaia, Altea), no ciclo Músicas posíbeis en Ribadeo e no IX Ciclo de música y patrimonio de Ejulve (Teruel). Deron clases maxistrais na Escola Municipal de Música de Ribadeo, no Conservatorio Profesional de Música de Lugo e formaron parte da canteira de profesores do Festival Merza Percusión en 2017 e 2018. Participaron nos festivais Minimal Music Festival, en Ámsterdam, II Festival de Música Contemporánea de Ponferrada, Festival Internacional de Música de Navas de San Juan (Jaén), Festival Internacional de Percusión de Galicia (FIP Galicia) e no FIP Zaragoza e ofreceron dous concertos no Festival Internacional de Música de Santander 2018.

PROGRAMA

Marimba Spiritual (60 min)

Asventuras
Alexej Gerassimez (*1987)

Toccata
Anders Coppe (*1969)

Vagalumes*
Carmen Rodríguez (*1996)

*Escrita para Mbira-duo

Preludio e fuga en dó menor BWV 847
Johann Sebastian Bach (1685 – 1750)

Ceci n'est pas une balle (2011)
Compagnie Kahlua

Marimba Spiritual
Minoru Miki (1930 – 2011)


Allegro
p dolce

APOLLO5

Quinteto vocal (Reino Unido)
Venres, 22 de marzo, 20:30 h
Igrexa de Santiago das Caldas
Entrada libre

Soprano
Penelope Appleyard

Soprano
Clare Stewart

Tenor
Jacob Ewens

Tenor
Oli Martin-Smith

Baixo
Greg Link - baixo

APOLLO5

O quinteto vocal inglés a capela Apollo5 leva anos abraiando o público con versátiles actuacións e programas. O seu repertorio inclúe música coral do Renacemento, clásica, contemporánea, folk, jazz e pop.

Aínda que residen en Londres, onde son habituais en salas como o Royal Albert Hall, Kings Place, Barbican Center, The Houses of Parliament ou o Wembley Arena, a súa carreira internacional está en proxección permanente nos últimos anos, con actuacións en Italia, Alemaña, Holanda ou Francia. En 2016 fixeron o debut en Asia, participando no Festival Internacional de Coros de Taipei (China) e, fai dous anos, estiveron un mes de xira polos Estados Unidos. Entre as citas máis recentes, destacan os concertos no Via Aeterna Music Festival (Francia), La Folle Journée (Polonia) e a colaboración con The Academy of Ancient Music.

Apollo5 forma parte da Fundación VCM, creadora dun programa de educación musical que axuda a máis de 40.000 rapaces e rapazas ao ano en Reino Unido, Alemaña, Francia, Suecia, Estados Unidos e Asia. Parte deste programa desenvolvérono conxuntamente con outro grupo vocal británico, VOCES8. Apollo5 imparte cursos, clases maxistrais e realiza concertos para a cativada de forma habitual en Londres, concretamente no Gresham Centre. Ademais, leva catro anos supervisando un extenso proxecto de divulgación coñecido como The Open Mind Programme, que recibe o apoio da Arts Council England, entre outras institucións.

Apollo5 editou as súas gravacións con VCM Records, entre elas o CD *The Spirit Like a Dove*, con obras de Josquin des Prez e gravado conxuntamente co grupo Ingenium Ensemble, de Eslovenia. Este CD foi número 4 nas listaxes de música clásica de Reino Unido. Outro dos CD, titulado *Journey*, para a discográfica Edition Peters Sounds, contou coa colaboración dun dos cantantes do mundialmente recoñecido grupo vocal The King's Singers, Paul Phoenix. O seu CD *With a Song in my Heart* recolle temas de xéneros tan diferentes como o folk, o jazz e o pop. Hai pouco tempo, empezaron a publicar arranxos coa editorial Edition Peters.

PROGRAMA

Radiante amencer

Parte I (35 min)

O Radiant Dawn
James MacMillan (*1959)

Vigilate
William Byrd (1543 – 1623)

Beata Viscera
Pérotin le Grand
(c. 1160 – c. 1230)

Beata Viscera
William Byrd (1543 – 1623)

A Nightingale Sang in Berkeley Square
Manning Sherwin (1902 – 1974)
Arranxo de Jim Clements

Who Will Buy?
Lionel Bart (1930 – 1999)
Arranxo de Jim Clements para Apollo5

I love, alas, I Love Thee
Thomas Morley (1557 – 1602)

The Silver Swan
Orlando Gibbons (1583 – 1625)

Oh, You Wide Steppe
Tradicional rusa
Arranxo de Alexander Levine para Apollo5

Parte II (35 min)

Ma te raccoglie, O Ninfa Sfogava con le Stelle
Claudio Monteverdi (1567 – 1643)

Wishes
Fraser Wilson (*1984)

Scarborough Fair
Tradicional inglesa
Arranxo de Fraser Wilson para Apollo5

The Call
Ralph Vaughan Williams
(1872 – 1958)
Arranxo de Harry Bennett para Apollo5

Der König in Thule
Robert Schumann (1810 – 1856)

My Spirit Sang All Day
Gerald Finzi (1901 – 1956)

Eleanor Rigby
Lennon & McCartney (1966)
Arranxo de Blake Morgan para Apollo5

The Way you Look Tonight
Kern & Fields (1936)
Arranxo de Matt Greenwood para Apollo5

The 59th Street Bridge Song
Simon & Garfunkel (1966)
Arranxo de Emily Dickens

Santiago das Caldas

As Caldas foi un dos asentamentos que, na época romana, prosperaron no contorno do poboado de agricultores que daquela era a cidade de Ourense.

Consta a existencia dunha capela mozárabe chamada Santa Catarina de Reza Vella, na Alta Idade Media, e tense coñecemento da formación, cara aos séculos XI-XII, dunha parroquia da que aparecerán datos ata o ano 1639.

A parroquia das Caldas tiña un templo románico do século XVI que, xunto coa reitoral, atopábase moi preto do actual cemiterio das Caldas, nas ribeiras do Miño. Aínda que se reformaron no século XVII pronto quedaron pequenos para atender as necesidades da poboación e xa, a finais do século XIX, estaban en estado ruinoso.

No ano 1905, o bispo Eustaquio Llundain y Esteban encárgalle a José María Basterra, arquitecto da diocese de Bilbao, a construción do novo templo parroquial. O 30 de xullo de 1910 colócase a primeira pedra na Avenida das Caldas.

O edificio levantouse segundo o gusto historicista da época. O gótico e a súa lixeireza e luminosidade foi o seu modelo. Os elementos estruturais básicos son o arco apuntado, a bóveda de crucería e os arcobotantes, que lle dan a esta igrexa a imaxe característica exterior.

A fachada presenta unha soa torre central, típico esquema das igrexas construídas por Basterra.

En 1919 encárgase a Maximino Magariños, imaxineiro relixioso compostelán, o retablo. Ten estrutura de portada gótica con policromía dourada na que todo é filigrana oxival e adáptase perfectamente ao estilo do templo. Os relevos das rúas laterais representan escenas da vida do patrón da igrexa: Santiago Apóstolo. Na parte baixa, un Crucifixo do Cristo do Perdón; no piso superior, unha escultura de gran tamaño en madeira do Apóstolo.

LAREVERDIE

Grupo vocal e instrumental (Italia)
Sábado, 23 de marzo, 19:30 h
Igrexa de Santa Mariña
de Augas Santas, Allariz
Entrada libre

Voz, laúde
Claudia Caffagni

Voz, frautas, fídula
Livia Caffagni

Voz, fídula, campás
Elisabetta de Mircovich

LAREVERDIE

En 1986 dúas parellas de mozas irmás italianas fundaron o grupo medieval laReverdie, nome relacionado co xénero poético que celebra o regreso da primavera e que, en certo modo, transmite a esencia principal dun *ensemble* que leva trinta anos cativando a público e crítica por igual, con variadas propostas de programas e amplo repertorio de música medieval e do primeiro Renacemento.

O estudo profundo das obras e a súa experiencia xuntas durante todos estes anos de intensa actividade converteron laReverdie nun conxunto único, tanto polo extraordinario entusiasmo que comparten e comunican ao público como polo virtuosismo natural como cantantes e intérpretes instrumentais.

laReverdie ofreceu concertos por toda Europa e América e as súas gravacións foron emitidas por emisoras de ambos os dous continentes. O grupo ten máis de vinte CD, 16 deles para a casa discográfica Arcana e coproducidos pola compañía alemá WDR, que recibiron varios premios da crítica europea, como o Diapason d'Or de 1993 que supuxo o pulo definitivo da súa carreira. As súas últimas gravacións foron candidatas ao mellor CD do ano nos International Classical Music Awards de 2010, 2014 e 2019 na categoría de música antiga. O seu último CD, monográfico do compositor Francesco Landini, será editado en Xuño de 2019 e conta coa participación de Christophe Deslignes ao organetto.

Desde 1997 as compoñentes de laReverdie deron cursos e clases maxistrais en foros tan prestixiosos como o Curso Internacional de Música Antiga de Urbino en Italia ou o Festival Trigonale en Austria. Son habituais as súas clases e colaboracións en conservatorios e escolas de música, como a Civica Scuola di Musica Claudio Abbado en Milán ou a Staatliche Hochschule für Music en Trossingen (Alemaña).

laReverdie colaborou en proxectos especiais de institucións, músicos e artistas do talle de Franco Battiato, Moni Ovadia, Carlos Núñez, Teatro del Vento, Gerard Depardieu, Mimmo Cuticchio e David Riondino.

PROGRAMA

VERGINE BELLA (60 min)

Misticismo e devoción en feminino

O frondens virga
Hildegard von Bingen
(1098 – 1179)

Cum erubuerint infelices
Dendermonde, St.-Pieters &
Paulusabdij, Cod. 9

Rosa fragrans
Anónimo inglés (s. XIII)
Oxford, Corpus Christi College,
MS 489

Sainte Marie Viergene
Saint Godric di Finchale
(c.1065 – 1170)
London, British Museum, MS
Royal 5 F

Virgines egregie
Anónimo francés (s. XIV)
Paris, Bibliothèque Nationale, MS
fr. 146

Salve mater Gracie/Do way Robin
Anónimo inglés (inicios s. XIV)
London, British Lib. MS Cotton
Fragment XXIX

Eximium decus virginum/Or voi je bien/ [Vir]go
Anónimo francés (s. XIII)
Bibliothèque Faculté de Médecine,
MS H 196

O Maria maris/O Maria virgo davitica/Misit Dominus
Anónimo francés (s. XIII)
Códice Las Huelgas, Monasterio
de Sta. María la Real (Burgos)

Diana Stella
Doron D. Sherwin (1962 -)

Sant'Agnese da Dio amata - lauda
Anónimo italiano (s. XIV)
Florencia, Biblioteca Nazionale, BR18

Anima benedecta – lauda de Santa Caterina de Vigri
Anónimo italiano (s. XV)
Venecia, Biblioteca Nazionale
Marciana, MS Cl. IX

Ave maris stella - tema instrumental
Anónimo italiano (s. XV)
Faenza, Biblioteca Comunale,
Cod. 117

Kyrie/ O Sacra Virgo
Anónimo francés (finais s. XIV)
Apt, Cathédrale Sainte-Anne,
Trésor, 16bis

Vergine bella di sol vestita
Guillaume Du Fay (1397–1474)
(Canción sobre textos de Petrarca)
Oxford, Bodleian Library, MS
Can. misc. 213



Santa Mariña de Augas Santas

Vila romana, sauna castrexa, forno de cremación, templarios e ritos iniciáticos; os petróglifos, a auga, a pedra e as árbores; a lenda, a tradición e a historia. A crenza relixiosa sitúa no castro de Armeá e na súa contorna o martirio de santa Mariña no século II. O lugar estivo habitado dende época castrexa, e aínda no tempo da romanización, e posiblemente funcionase como espazo de culto precristián.

A memoria do sitio de enterramento da mártir perdeuse co paso do tempo e a inestabilidade da época. As primeiras noticias do levantamento dunha capela son do século IX, durante o reinado de Afonso II, quen a mandou construír para protexer as reliquias e establecer un lugar de culto onde, daquela, estaba asentado un núcleo de poboación. A actual igrexa foi comezada no século XII polos cóengos regulares de santo Agostiño en románico tardío. É de planta basilical con tres naves que rematan en tres ábsidas semicirculares visibles ao exterior. A fachada, con aparencia de fortaleza, está dividida en tres rúas que se corresponden con cada unha das naves. Tanto a portada como as ábsidas están decoradas con rosetóns que lle dan luz ao templo.

Piares con columnas acaroadas e arcos de medio punto separan as naves no interior e por encima deles ábrese un falso triforio. O espazo está cuberto cun artesonado de madeira do século XV. Na nave sur está o camarín e, debaixo del, sitúase a lousa que contén os restos de santa Mariña. O baldaquino, elevado sobre un baseamento de granito, acaba de ser restaurado. Unhas columnas sosteñen o entaboamento con cuberta abovedada en tres tramos e, debaixo, está a imaxe da santa, flanqueada por dous anxos, coa palma do martirio, a cruz nunha man e o dragón ou serpe grande aos seus pés. Remata o conxunto un pequeno ciborio barroco cunha escultura de san Miguel que o coroa.

No exterior, unha das fontes que, segundo a lenda, brotou milagreiramente da terra nos lugares en que a cabeza de santa Mariña caeu despois da súa decapitación. Outro dos mananciais está dentro da capela de san Tomé, incluído no recinto do Pazo Episcopal que, a partir do século XVII, pasou ao servizo do bispo de Ourense e empregouse como residencia de verán.

VIENNA CLARINET CONNECTION

Cuarteto de clarinetes (Austria)
Domingo, 24 de marzo, 19:00 h
Teatro Principal
Entrada de pagamento

Vienna Clarinet Connection

"Un cuarteto que traspasa as fronteiras estilísticas dos xéneros musicais. Catro solistas e unha soa voz cunha calidade excepcional", así definiu unha vez un crítico musical o son de Vienna Clarinet Connection. Gran virtuosismo, creatividade e alegría de vivir son os sinais de identidade deste cuarteto que forman dous clarinetes, un *corno di bassetto* e un clarinete baixo.

Viena Clarinet Connection formouse en 1995 con catro clarinetistas solistas de dúas das máis prestixiosas óperas de Viena, a Staatsoper Wien e a Volksoper Wien. O seu repertorio vai desde Mozart ata os nosos días e inclúe o jazz e a música étnica. Extremadamente innovadores, sempre están a buscar novas obras e a ampliar o repertorio con obras de seu e arranxos que eles mesmos fan.

Os catro actúan regularmente por todo o mundo e teñen unha traxectoria excepcional no campo do clarinete.

Helmut Hoedl (clarinete). Clarinete solista da Volksoper Wien desde 1993, catedrático do Conservatorio Joseph Haydn Eisenstadt, compositor de música de cámara e orquestral e produtor musical.

Rupert Fankhauser (clarinete). Bolseiro pola Fundación Herbert von Karajan de Berlín, catedrático da Universidade de Viena e clarinete solista da Staatsoper de Klagenfurt. Desde 2012 é tamén clarinete solista do Nikolaus Harnoncourt's Concentus Musicus Vienna.

Hubert Salmhofer (*corno di bassetto*). Membro dos *ensembles* Quintessens, Trio Gemarch e Austrian Art Ensemble, compositor e arranxador de música de cámara e bandas sonoras, ademais de catedrático do Conservatorio de Klagenfurt.

Wolfgang Kornberger (clarinete baixo). Compositor e arranxador, é membro das principais orquestras de Viena e solicitadísimo por orquestras e conxuntos de cámara de todo o mundo, cos que realizou numerosas actuacións por toda Europa e Xapón.

PROGRAMA

CAFÉ EUROPA 2.0

Vellos camiños - Novas sendas

Parte I (40 min)

El vaivén
Helmut Hoedl (*1969)

Czernowitzer Skizzen
Alexander Kukelka (*1963)

SEMPRE BOND
Dr. No
Monty Norman (*1928)
Moonraker
John Barry (1933-2011)
Arranxo de Helmut Hoedl

Cuarteto nº 1
Helmut Hoedl (*1969)

Parte II (35 min)

Beautiful Milka
Tradicional
Arranxo de W. Kornberger

Orientzauber
Tradicional
Arranxo H. Salmhofer

Impromptu nº 2 en mi bemol maior
Franz Schubert (1797-1828)
Arranxo de W. Kornberger

Duna Lied
Tscho Theissing (*1959)

A Tribute To Itchy Fingers
Helmut Hoedl (*1969)

Teatro Principal

Santiago Sáez Pastor decidiu construír na década de 1830 o Teatro Principal, na rúa da Paz, antiga rúa dos Zapateiros. Ao parecer, foi unha especie de vinganza porque venderon o palco que el tiña reservado, nun día de función, no vello teatro.

Levantou o novo no lugar onde tiña a súa vivenda e o seu negocio, un banco. O edificio foi un pequeno teatro "á italiana", é dicir, cun patio de butacas e palco na planta baixa, tres pisos de palcos e escenario. O teito con decoración vexetal e xeométrica. A parte que daba á rúa tiña planta baixa, que era o vestíbulo do teatro, e catro alturas que se destinaban a vivendas.

Foi, durante bastantes anos, o único teatro público da cidade e o lugar de ocio máis selecto. Era o centro da vida social e cultural e nel houbo concertos, zarzuelas, obras teatrais, bailes, mitins,…O poeta Zorrilla leu os seus versos no Principal, Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán participaron nun concurso literario e personaxes como Calvo Sotelo ou Gil Robles organizaron nel importantes actos políticos.

No 1912 o cine chega a Ourense e o Teatro Principal, tres anos despois, proxecta a súa primeira película, *Viva el Rey*, nunha sala remodelada e adaptada ás novas necesidades.

Na transición pechouse e estivo a piques de desaparecer. "Trátase de salvar o Principal" foi a consigna dun grupo encabezado por artistas, profesores, arquitectos e xente da vida pública ourensá, que logrou que a remodelación comezara a principios dos anos 80. O Teatro Principal reinaugurouse en 1992.

"Este festival debe hacernos sentir orgullosos de la ciudadanía ourensana".

La Región

"Un festival que ha vuelto a contar con una afluencia de público y una excelencia musical en los conciertos realmente sobresalientes".

mundoclasico.com

"Tranquilamente, pero con creciente calidad, Ourense va consolidando su festival internacional de música".

Revista Scherzo

"Un festival que está calando hondo en la ciudad de As Burgas y que ha logrado mejorar el ya alto nivel de ocupación de ediciones anteriores".

El País

"O Festival "Pórtico do Paraíso" coloca a Ourense na rota dos festivais europeus".

Diário de Notícias, Lisboa

Actividades Paralelas

Conservatorio Profesional de Música de Ourense

Encontro con Mbira-duo

Mércores, 20 de marzo de 2019
ás 18:00 h no Conservatorio

Servizo de Gardería

A Asociación Pórtico Musical quere facilitar aos pais e nais espectadores a súa asistencia aos concertos, polo que poderán deixar os seus fillos e fillas na ludoteca Novolandia **INDIANA BILL**, situada no número 10 da rúa Ramón Cabanillas. Teléfonos 988 242322/ 698 158386/ 698 127838.

Este espazo, dedicado aos nenos dun a doce anos de idade, de forma extraordinaria pechará máis tarde do habitual, co fin de cubrir a franxa horaria dos actos do Festival durante os días **15, 16, 17, 20, 22, 23** e **24 de marzo**.

Os pais interesados nesta actividade só aboarán o 50% da tarifa normal. Para isto, deberán presentar na ludoteca Novolandia **INDIANA BILL** un bono facilitado polo persoal da Asociación, tras a finalización do concerto.

ORGANIZA

Concello de OURENSE

COORGANIZA

DEPUTACIÓN OURENSE

COLABORAN

AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais

XUNTA DE GALICIA

ASOCIACIÓN PÓRTICO MUSICAL

AGRADECEMENTOS

CATEDRAL OURENSE

Teatro Principal de Ourense

PARROQUIA DE SANTIAGO DAS CALDAS

cmus conservatorio de música de ourense

Musical González

deimpresión! impresiónDixital soluciónsArtesGráficas

El Liceo de Ourense

CONCELLO DE Allariz

Concello de Leiro

Parroquia de Santa María de San Clodio de Leiro

Parroquia de Santa Mariña de Augas Santas

fest clásica
FESTIVAL ASOCIADO

ORGANIZA
Concello de Ourense

COORGANIZA
Deputación de Ourense

COLABORAN
AGADIC
Xunta de Galicia
Asociación Pórtico Musical

DIRECCIÓN ARTÍSTICA
Juan Enrique Miguéns

COORDINACIÓN E XESTIÓN
Conchi da Silva

PRESENTACIÓN DOS CONCERTOS
Rafael Costas
Alexandre Delgado

ENDEREZO
Festival de Música Pórtico do Paraíso
Concellería de Cultura
Rúa da Canle, 2
32004 Ourense

INFORMACIÓN
info@porticodoparaiso.com
www.porticodoparaiso.com

www.porticodoparaiso.com

Pórtico do Paraíso

XII Festival Internacional de Música de Ourense

do 15 ao 24 de marzo de 2019

Concello de OURENSE

DEPUTACIÓN OURENSE

AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais

XUNTA DE GALICIA

ASOCIACIÓN PÓRTICO MUSICAL